

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de decembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece horas corenta

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 22 de decembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Ganadería Cazador S.L.

ANTECEDENTES

1. Don Iván Fernández Diéguez, con DNI núm. [REDACTED], na representación que ostenta como administrador único da

- sociedade GANADERÍA CAZADOR S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar da Ermida, parroquia de Camba, solicitou con data 19 de abril de 2024 (RE-E núm. 216) licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE CORTE DE VACÚN E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar da Ermida, parroquia de Camba.
2. A citada sociedade foi constituída mediante escritura pública de transformación de sociedade civil en sociedade mercantil de responsabilidade limitada, outorgada ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbén, en data 27 de febreiro de 2024 (protocolo núm. [REDACTED]).
 3. Achégase proxecto técnico básico e anexo (visado colexial núm. [REDACTED], de data 28/06/24, e anexo de data 26/05/25), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luis Lamas Carral.
 4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de tres (3) anos.
 5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A instalación de explotación de vacún proxectada sitúase en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.

4. Proxéctase a construción dunha corte para gando vacún de leite e unha fosa de xurro.
5. A capacidade da nave que se pretende construír será de 190 UGM.
6. As obras proxectadas consisten na construción dunha nave destinada a corte para gando vacún de leite, con estancias destinadas a sala de muxido, zona de espera, leitería, oficina, aseo e instalacións complementarias, así como unha fosa de xurro.
7. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS EUROS (999.500,00 €).
8. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
9. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
10. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	████████████████████
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Ref ^o catastral das parcelas	Parcela núm. 519 do Polígono 4 da ZCP Val de Camba
Superficie da parcela	71.294 m ²
Uso autorizado	Corte de vacún e fosa de xurro
Superficie ocupada en planta	6.157,33 m ²

11. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
12. Por Resolución de data 28 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Pontevedra emítese a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. [REDACTED]).
13. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
14. Figura no expediente autorización previa de obras na ZCP Val de Camba emitida, con data 16 de xullo de 2024, polo Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
15. As obras dispoñen asemade de autorización con condicionantes emitida, con data 22 de xaneiro de 2025, polo director de Augas de Galicia, ao atoparse a fosa de xurro prevista na zona de policía do Rego de Camba (Clave [REDACTED]).
16. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
17. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
18. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
19. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANADERÍA CAZADOR S.L. licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE CORTE DE VACÚN E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar da Ermida, parroquia de Camba, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e anexo (visado colexial núm. ██████████, de data 28/06/24, e anexo de data 26/05/25), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luis Lamas Carral, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

- d) Previamente ao inicio das obras deberá achegarse o proxecto de execución, estudo básico de seguridade e saúde e estudo para a xestión de residuos, redactados por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional, así como oficio de designación de coordinador de seguridade e saúde, igualmente visado.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DEZANOVE MIL NOVECIENTOS NOVENYA EUROS (19.990,00 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CATRO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (4.997,50 €).

3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “*MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS*”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data decembro de 2025, cun orzamento base de licitación de CINCUENTA E CATRO MIL CATROCIENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (54.442,79 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira, con data 30/12/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS”

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na presente sesión, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “*MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS*”, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data decembro de 2025, cun orzamento base de licitación de CINCUENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (54.442,79 €), IVE incluído.

A Dirección de Augas de Galicia, por resolución de data 12/09/25, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 44.994,04 €, ao abeiro da Resolución do 28 de marzo de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (DOG núm. 71, do 11/04/25) – expediente núm. [REDACTED].

Xa que logo, dispoñendo xa dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta en materia de “*abastecemento de auga potable a domicilio*”, segundo o establecido no artigo 25.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin por Augas de Galicia.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de *“MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS”*, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

5.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2025

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local que no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 aprobouse de xeito definitivo a ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, de conformidade co acordado no seu día polo Pleno do Concello. A devandita ordenanza entrou en vigor o día 1 de setembro de 2005.

O artigo 3.3 da ordenanza dispón literalmente: *“A Xunta de Goberno Local aprobará anualmente as bases específicas de cada unha das convocatorias a realizar, nas que se incluírán os criterios específicos para o reparto das mesmas, así como as condicións específicas a cumprir para optar por cada categoría”*. Polo tanto cómpre aprobar as bases específicas para actividades deportivas e efectuar a súa convocatoria para o presente ano 2025.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para a concesión de subvencións para actividades deportivas, correspondentes ao ano 2025.

Segundo.- Aprobar as bases específicas da convocatoria que se conteñen no anexo do presente acordo.

Terceiro.- Destinar a cantidade de VINTE E CATRO MIL EUROS (24.000,00 €), con cargo a partida orzamentaria 340/480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado para o exercicio de 2025.

ANEXO

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2025

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades deportivas, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto: O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades deportivas durante o ano 2025, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 340/480, co límite de 24.000,00 €. Entenderase como actividade deportiva as realizadas ou promovidas por agrupacións, asociacións ou clubs de carácter deportivo, legalmente constituídos.

2.- Beneficiarios: Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro que desenvolvan as actividades obxecto da subvención no Concello de Rodeiro entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2025.

3.- Solicitude e documentación: O prazo de solicitude será de corenta días naturais contados dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As solicitudes presentaranse obrigatoriamente de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello (<https://rodeiro.sedelectronica.gal>) utilizando o trámite "instancia xeral", á que achegarán os formularios oficiais que figuran na web municipal e toda a documentación que esixe a ordenanza xeral de subvencións do Concello. Se algunha asociación presenta a solicitude presencialmente, o Concello requirirá que sexa emendada a través da súa presentación electrónica e, nese suposto, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

4.- Valoración das solicitudes: Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Categoría da asociación ou club.
- Número de licenzas federativas.
- Número de equipos en categorías.
- Orzamento anual do club.
- Disposición de adestrador federado.
- Orzamento total das actividades.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional: No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2025

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local que no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 aprobouse de xeito definitivo a ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, de conformidade co acordado no seu día polo Pleno do Concello. A devandita ordenanza entrou en vigor o día 1 de setembro de 2005.

O artigo 3.3 da ordenanza dispón literalmente: *“A Xunta de Goberno Local aprobará anualmente as bases específicas de cada unha das convocatorias a realizar, nas que se incluírán os criterios específicos para o reparto das mesmas, así como as condicións específicas a cumprir para optar por cada categoría”*. Polo tanto cómpre aprobar as bases específicas para actividades culturais e efectuar a súa convocatoria para o presente ano 2025.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para a concesión de subvencións para actividades culturais, correspondentes ao ano 2025.

Segundo.- Aprobar as bases específicas da convocatoria que se conteñen no anexo do presente acordo.

Terceiro.- Destinar a cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €), con cargo a partida orzamentaria 330/480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado para o exercicio de 2025.

ANEXO

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS ANO 2025

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto: O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades culturais durante o ano 2025, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 330/480, co límite de 20.000,00 €. Entenderase como actividade cultural aos efectos das presentes bases as dirixidas á ensinanza musical, á promoción da cultura, á xuventude, á muller, á preservación das tradicións ou calquera outra que redunde en beneficio dos veciños asociados, sempre que formen parte dos fins da asociación.

2.- Beneficiarios: Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro e con domicilio en Rodeiro que desenvolvan as actividades obxecto da subvención entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2025.

3.- Solicitude e documentación: O prazo de solicitude será de corenta días naturais contados dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As solicitudes presentaranse obrigatoriamente de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello (<https://rodeiro.sedelectronica.gal>) utilizando o trámite "instancia xeral", á que achegarán os formularios oficiais que figuran na web municipal e toda a documentación que esixe a ordenanza xeral de subvencións do Concello. Se algunha asociación presenta a solicitude presencialmente, o Concello requirirá que sexa emendada a través da súa presentación electrónica e, nese suposto, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

4.- Valoración das solicitudes: Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Programación estable ao longo do ano.
- Difusión da actividade.
- Número de persoas que participan e se benefician da actividade.
- Orzamento total da actividade.
- Incidencia sobre a promoción dos valores culturais, artísticos, tradicionais, gastronómicos, etc. do Concello.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional : No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no

BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Don Ovidio Areán Diéguez, traballador laboral fixo do Concello no posto de traballo de monitor deportivo, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de enfermidade común, con data 22 de decembro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao obxecto de manter a actividade no ximnasio municipal, onde presta os seus servizos, e así evitar prexuízos aos/ás usuarios/as de dita instalación deportiva.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

O concelleiro-delegado de Deportes propón a contratación para ese período do monitor deportivo que ata o presente estaba a cubrir a anterior baixa por incapacidade temporal (IT) do dito traballador titular do posto, quen fora seleccionado, trala superación dun proceso selectivo, por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 17 de febreiro do corrente.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como monitor deportivo, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, do seguinte traballador:

- ✓ DAVID TABOADA VARELA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (25 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa por IT do traballador Ovidio Areán Diéguez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- CONTRATACIÓN LABORAL, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DUN POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICA EN EDUCACIÓN INFANTIL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 10 de decembro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a provisión laboral temporal, por circunstancias da produción, de dous (2) postos de traballo de técnicos/as en educación infantil para o Punto de Atención á Infancia (PAI).

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a publicar os correspondentes anuncios nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello e da sede electrónica municipal, así como no diario “*Faro de Vigo*”, correspondente ao día 14 de decembro do corrente . Durante o prazo concedido, que rematou o día 19 de decembro de 2025, presentou solicitude de participación no proceso selectivo a seguinte única candidata:

— López Taboada, Soraya (RE núm. 2134, do 15/12/25).

Por resolución da Alcaldía de data 22/12/25 a candidata presentada foi admitida ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse o día 30 de decembro do corrente, co seguinte resultado final:

CANDIDATA	BASE OITAVA a)	BASE OITAVA b)	PUNTUACIÓN TOTAL
SORAYA LÓPEZ TABOADA	0,05	1,30	1,35

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor da única candidata admitida e puntuada: Soraya López Taboada.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de circunstancias da produción, a tempo parcial (25 horas/semana), entre os días 2 de xaneiro e 13 de marzo de 2026, ambos inclusive, da traballadora que deseguido se sinala:

Técnica en educación infantil

NOME E APELIDOS	DNI
SORAYA LÓPEZ TABOADA	██████████

Segundo.- Declarar deserto o segundo dos postos de traballo convocados por ausencia de candidatos/as ao mesmo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- DESIGNACIÓN DE VOGAIS DO XURADO DO III CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”

De conformidade co establecido na base novena do III Concurso de Decoración do Nadal “Rodeiro é ilusión”, a Xunta de Goberno Local, a proposta da Sra. concelleira-delegada de Cultura e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda designar vogais integrantes do xurado do devandito concurso ás seguintes persoas:

- Don Juan Collazo Quinteiro.
- Dona Alba Pérez Iglesias.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- BEGOÑA VÁZQUEZ LÓPEZ 3.050,00 €
Por asistencias a Plenos, Comisións Informativas e Xuntas de Goberno Local no segundo semestre de 2025, s/cargo.
- PATRICIA HERMIDA DEZA 3.200,00 €
Por asistencias a Plenos e Xuntas de Goberno Local no segundo semestre de 2025, s/cargo.
- CONCEPCIÓN ISOLINA SOMOZA CALVIÑO 800,00 €
Por asistencias a Plenos e Comisións Informativas no segundo semestre de 2025, s/cargo.
- ELENA GAMALLO MOURE 650,00 €
Por asistencias a Plenos e Comisións Informativas no segundo semestre de 2025, s/cargo.
- PABLO CUÑARRO FERNÁNDEZ 600,00 €
Por asistencias a Plenos no segundo semestre de 2025, s/cargo.
- JESÚS LÓPEZ DIÉGUEZ 600,00 €
Por asistencias a Plenos no segundo semestre de 2025, s/cargo.
- LUÍS LÓPEZ DIÉGUEZ 450,00 €
Por asistencias a Plenos no segundo semestre de 2025, s/cargo.
- MANCOMUNIDADE TERRAS DE DEZA 16.970,00 €
Por abono pendente da achega municipal ao orzamento da Mancomunidade no exercicio de 2025, s/cargo.
- ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A. 9.583,20 €
Por abono parcial do contrato de servizos consistente no análise organizativo para facilitar a valoración dos postos de traballo do

Concello coa finalidade da tramitación dunha Relación de Postos de Traballo (RPT), s/factura núm. CA25/323 (FACe).

- PALOMO S.C. 165,00 €
Por xantar dos traballadores da brigada municipal de obras que prestaron servizos fóra do seu horario habitual, s/factura núm. 499.
- JORGE OJEA MATO 79,56 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 79,56 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 73,44 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 73,44 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- FONTEVOA 2003 S.L.P. 405,00 €
Por esterilización de animal felino abandonado, s/factura núm. 31 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 2.079,62 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 1431, 1432, 1598, 1599, 1794 e 1795 (FACe).
- MARCAXE DEZA S.L. 453,75 €
Por subministro de material de oficina, s/factura núm. 250509 (FACe).

- ESPÚBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. 4.495,25 €
Por soporte e mantemento anual das aplicacións informáticas de contabilidade, orzamentos e facturación electrónica, s/factura núm. 2025/202524893 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 48,53 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 25A/1749 (FACe).
- ALICIA FERNÁNDEZ MOREIRAS 719,80 €
Por subministro de material de oficina, s/factura núm. 17/25.
- FERRODEIRO S.L. 1.452,00 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 002609.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 6,72 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 13509.
- MARCAHILBE S.L. 33,49 €
Por subministro de diverso material de limpeza para dependencias municipais, s/facturas núm. 08000003, 08000006 e 08000012.
- E.S. ATENEO S.L. 851,92 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2025/FD/000901 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 33.128,45 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello nos meses de setembro, outubro e novembro de 2025, s/recibos.
- NATURGY CLIENTES S.A.U. 9.253,39 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais nos meses de agosto, setembro e outubro de 2025, s/recibos.

- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 1.385,32 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/facturas núm. PI25142000379322, PI25142000379319, PI25142000424899 e PI25142000424900 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 36,72 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- XUNTA DE GALICIA 1.768,66 €
Por reintegro parcial de anticipo do expediente SI436A-2025-00000089, s/requiremento.
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 6.400,30 €
Honorarios por confección de proxectos técnicos para obras municipais, s/facturas núm. 2025/54 e 2025/60 (FACe).
- EA INGENIERÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO SOSTENIBLE S.L. 1.355,26 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan +Provincia 2024 (reinvestimento de baixa), s/factura núm. 25/020.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 15.588,37 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan +Provincia 2025, s/factura núm. 011/2025.
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA S.L.P. 1.597,20 €
Honorarios por confección de informe técnico para solicitude de subvención, s/ factura núm. PXT 25-053.
- 12C INSPECCIONES S.L.U. 544,50 €
Honorarios por inspección de baixa tensión en planta fotovoltaica, s/factura núm. 2025-IR0293.

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 646,95 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 2096 (FACe).
- LAURA ULLOA DIÉGUEZ 62,40 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- YOLANDA AGUIAR JORGE 60,19 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 194,48 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- MARÍA LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 269,62 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 6,72 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 13514.
- MARÍA JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 75,45 €
Por subministro de diverso material de limpeza para dependencias municipais, s/factura núm. 577.
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 66,54 €
Por subministro de diverso material de limpeza para dependencias municipais, s/factura núm. FC9725/16.
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 73,99 €
Por subministro de diverso material para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. FC9725/18.
- BOTICA AGRODEIRO S.L 480,01 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF) e produtos sanitarios, s/facturas núm. 69 e 396.

- SOCISER GALICIA S.L.U. 10.909,51 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e outubro de 2025, s/facturas núm. 101, 117, 135, 155 e 173 (FACe) – Reparo suspensivo da Intervención levantado por resolución da Alcaldía de data 17/12/25.
- MARÍA JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 51,05 €
Por subministro de diverso material para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 578.
- MARÍA JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 92,40 €
Por subministro de diverso material para o campamento de verán “Rodeiro de aventura”, s/factura núm. 589.
- MARÍA JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 557,45 €
Por subministro de diverso material para o programa municipal “Rodeiro Activo”, s/facturas núm. 576 e 588.
- AMADEO GONZÁLEZ CUÑARRO 50,31 €
Por subministro de diverso material para o programa municipal “Rodeiro Activo”, s/factura núm. A/2501255.
- JOYERÍA RELOJERÍA DIAMANTE S.L. 485,00 €
Por adquisición de agasallos para os/as homenaxeados/as na Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 12.
- BAR CHANTADA VIADILLA S.L. 7.986,00 €
Por servizo de cátering e xantar da Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 25/18 (FACe).
- AMBULANCIAS ORTIGUEIRA S.L. 300,00 €
Por servizo de ambulancia para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. ORT/25171 (FACe).

- MARCAXE DEZA S.L. 90,75 €
Por confección de entradas numeradas para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 250508 (FACe).
- MIRIAN ROMERO CASTRO 544,50 €
Por actuación musical na Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. C25/11.
- ASOCIACIÓN CULTURAL “OS VARACUNCAS” 650,00 €
Por actuación musical na Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 25009.
- ODAIKO KREA S.L. 2.722,50 €
Por instalación de carpa para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 2025/255 (FACe).
- MAIS ESCOLA S.L. 200,56 €
Por subministro de proteccións para portas do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 994 (FACe).
- MAIS ESCOLA S.L. 1.700,00 €
Por servizo de reforzo puntual do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/facturas núm. 939 e 940 (FACe).
- PLÁCIDO PEREIRA LÓPEZ 106,50 €
Por xantar institucional da Alcaldía, s/factura núm. T001/160579.
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 550,55 €
Por publicidade da iniciativa “Sabor Labrego 2025” no diario, s/factura núm. P25/003576 (FACe).
- TOXO VERDE S.C. 447,70 €
Por gravación de video para a iniciativa “Sabor Labrego 2025”, s/factura núm. S/201800086 (FACe).

- COOPERATIVA O RODO 33,80 €
Por subministro de pacas de palla para a iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. M-1.090.
- MIGUEL LÓPEZ FERREIRO 18.392,00 €
Por actuación musical na festa do chuletón dentro da iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. 2025/19/2025 (FACe) – Reparo suspensivo da Intervención levantado por resolución da Alcaldía de data 17/12/25.
- PALOMO S.C. 616,00 €
Por xantar institucional da iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. 521.
- NOELIA NEIRA VÁZQUEZ 154,00 €
Por invitación servida co gallo da inauguración da pista de pádel, s/factura núm. 2.
- FARO DE VIGO S.A. 356,95 €
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “*Rodeiro de tapas – edición de outono*”, s/factura núm. 2025F0002500 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 302,50 €
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “*Rodeiro de tapas – edición de outono*”, s/factura núm. P25/009779 (FACe).
- ALICIA FERNÁNDEZ MOREIRAS 96,17 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 16/25.
- FEIJOO E HIJOS S.C. 81,12 €
Por subministro de pan para o magosto municipal, s/factura núm. A/76.

- PALOMO S.C. 110,00 €
Por xantar servido aos Reis Magos, s/factura núm. 464.
- DURO E HIJOS S.L. 25.993,11 €
Por reparacións e mantemento do camiión de recollida do lixo, s/facturas núm. 1F25/1617, 1F25/1618 e 1F25/2038 (FACe) – Reparo suspensivo da Intervención levantado por resolución da Alcaldía de data 17/12/25.
- AMBIGAL 360 S.L. 660,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/facturas núm. 01-A250409 e 01-A250498 (FACe) – Reparo suspensivo da Intervención levantado por resolución da Alcaldía de data 17/12/25.
- PABLO GARCÍA PAIS 5.024,08 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/facturas núm. 2025-0229, 2025-0251 e 2025-0276.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 600,16 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 80/25.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 72,60 €
Por reparacións eléctricas na Casa do Concello, s/factura núm. 82/25.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 257,73 €
Por reparacións eléctricas no campo de fútbol, s/factura núm. 81/25.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 135,52 €
Por reparacións eléctricas no Centro de Saúde, s/factura núm. 79/25.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 881,24 €
Por reparacións eléctricas na antiga casa-escola da Latiza, s/factura núm. 76/25.

- FELIPE LÓPEZ CORRAL 3.726,80 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 900.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 193,60 €
Por reparación de canles na traída de augas da Torre (Guillar), s/factura núm. 901.
- FERRODEIRO S.L. 2.585,09 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/facturas núm. 002266 e 002608.
- AMBIGAL 360 S.L. 1.448,88 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 01-A251066 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 6.283,59 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de novembro de 2025, s/factura núm. 2025/3572 (FACe).
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 300,08 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. A/170.
- MANUELA ÁGUILA LAMAS 1.343,10 €
Por diversos traballos de carpintería metálica, s/factura núm. 58.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 785,90 €
Por reparación na rede municipal de abastecemento de auga, s/factura núm. FV/00004274 (FACe).
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 1.189,37 €
Por subministro de cloro para o abastecemento de auga, s/factura núm. FV/00004913 (FACe).

- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U. 6.826,82 €
Por servizo de recollida e transporte de residuos de puntos de acopio de plásticos agrícolas, s/factura núm. 25343 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 1.232,08 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20254192, 20254253 e 20254478 (FACe).
- COOPERATIVA O RODO 4.507,41 €
Por traballos de mantemento e reparación dos camiións de recollida do lixo, s/facturas núm. T/2.025/777, 780, 978, 1073, 1285, 1289 e 1577.
- COOPERATIVA O RODO 4.133,71 €
Por traballos de mantemento e reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. T/2.025/515, 775, 776, 778, 779, 976, 977, 979, 1286, 1287, 1290, 1508 e 1578.
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 628,82 €
Por adquisición de canles para obras municipais, s/facturas núm. 206 e 207 (FACe).
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 330,39 €
Por adquisición de diverso material para a brigada municipal de obras, s/factura núm. 208 (FACe).
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 241,01 €
Por subministro de canles de saneamento para obras municipais, s/facturas núm. 3545 e 3766 (FACe).
- ALS LIFE SCIENCES GALICIA S.L.U. 1.359,77 €
Por analíticas da auga de consumo e residuais, s/facturas núm. L2 2486, L2 2758 e L2 3590.

- ALQUILERES LALÍN S.L. 152,46 €
Por aluguer de máquina cortadora para obras municipais, s/factura núm. 25/1256.
- JAVIER DABOUZA RODRÍGUEZ 1.226,94 €
Por traballos de albanería no campo da feira de Río, s/factura núm. 89.
- MIGUEL CONDE VALES 5.531,73 €
Por traballos de reforma no campo da feira de Río, s/factura núm. C-201800903.
- SERVIUM SISTEMAS S.L.U. 1.905,57 €
Por traballos de mantemento do clorador da ETAP, s/factura núm. C-2025/71 (FACe).
- MONTEFARO ELECTRICIDADE S.L.U. 3.715,55 €
Por traballos de limpeza da traída de auga dos lugares de Vistuíde e Adelán, s/factura núm. A/25235 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 974,05 €
Por traballos de mantemento do abastecemento de auga en Adelán, s/factura núm. 38/2025.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 13.007,40 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 000/000000657, 000/000000792 e 000/000000876 (FACe) – Reparo suspensivo da Intervención levantado por resolución da Alcaldía de data 17/12/25.
- AMADOR GÓMEZ CUIÑA 1.016,92 €
Por subministro de diverso material de construción para obras municipais, s/factura núm. 2.025.593.

- VIRULÉ RODEIRO S.L. 411,40 €
Por transporte de zavorra para acondicionamento de camiños, s/factura núm. 164 (FACe).
- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 5.421,38 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 5626202568000948 e 5626202568001062 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 14.368,75 €
Por transporte de zavorra para acondicionamento de camiños, s/facturas núm. 39/2025, 40/2025, 45/2025 e 46/2025 – Reparación suspensiva da Intervención levantado por resolución da Alcaldía de data 17/12/25.
- GRANITOS DEZA S.L. 5.896,43 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 193/2025, 207/2025 e 221/2025.
- TRANSPORTES ELOY JORGE S.L. 617,10 €
Por transporte de zavorra para acondicionamento de camiños, s/factura núm. T-072.
- HORMIGONES DEZA S.L.U. 500,49 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 3/2500416 (FACe).
- MARBE HISPANIA S.L. 468,75 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. A/34627 (FACe).
- JESÚS DIAZ CIVEIRA 822,80 €
Por transporte de zavorra para acondicionamento de camiños, s/factura núm. 170.

- CANGADO S.L. 1.313,45 €
Por subministro de diverso material para obras municipais, s/facturas núm. R1/000407, R1/000485 e R1/000532.
- CONSTRUCCIONES J. FERRADÁS S.L. 12.085,48 €
Por traballos realizados nos lugares de Cuñarro do Medio e A Ermida, s/facturas núm. 000020 e 000021.
- MONTEFARO ELECTRICIDADE S.L.U. 5.461,27 €
Por traballos de acondicionamento de pista en Pescoso, s/factura núm. A/25273 (FACe).
- RODOIL S.L 852,99 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC, s/facturas núm. 3, 5, 8, 337, 380, 427, 428 e 473 (FACe).
- RODOIL S.L 652,12 €
Por lavados e subministro de combustible aos camións de recollida do lixo, s/facturas núm. 7, 382, 385, 431, 432, 475, 476 e 477 (FACe).
- RODOIL S.L 2.150,71 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de agosto de 2025, s/facturas núm. 338, 339, 340, 341, 342, 343, 344, 345 e 346 (FACe).
- RODOIL S.L 1.572,61 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de setembro de 2025, s/facturas núm. 383, 384, 386, 387, 388, 389, 390, 391 e 392 (FACe).
- RODOIL S.L 1.942,42 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de outubro de 2025, s/facturas núm. 429, 430, 433, 434, 435, 436, 437 e 438 (FACe).

- RODOIL S.L 1.787,14 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de novembro de 2025, s/facturas núm. 474, 478, 479, 480, 481, 482 e 483 (FACe).
- COOPERATIVA O RODO 2.738,18 €
Por subministro de combustible á maquinaria da Mancomunidade nos meses de setembro e outubro de 2025, s/facturas núm. 2039 e 2260.
- COOPERATIVA O RODO 1.103,40 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo no mes de setembro de 2025, s/factura núm. 2037.
- COOPERATIVA O RODO 2.035,80 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo nos meses de outubro e novembro de 2025, s/facturas núm. 2059 e 2481.
- COOPERATIVA O RODO 495,37 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC nos meses de setembro, outubro e novembro de 2025, s/facturas núm. 2038, 2041, 2261 e 2482.
- COOPERATIVA O RODO 61,29 €
Por subministro de combustible ás máquinas desbrozadoras no mes de setembro de 2025, s/factura núm. 2040.
- COOPERATIVA O RODO 4.268,00 €
Por traballos de desbroce para o Concello, s/factura núm. K-834.
- COOPERATIVA O RODO 38,88 €
Por subministro de lona para cubrir aglomerado, s/factura núm. M-2.310.
- COOPERATIVA O RODO 5,59 €
Por subministro de fusibles, s/factura núm. T/2.025/1.074.

- COMERCIAL PENELA S.C. 103,27 €
Por subministro de material para a piscina municipal, s/factura núm. 36.
- MIGUEL CONDE VALES 20,98 €
Por subministro de ferro para obras municipais, s/facturas núm. C-201800861 e C-201800886.
- PRIMO LALÍN S.L. 638,88 €
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 2025-10/00000142 (FACe).
- MAXIDEZA S.L. 1.825,60 €
Por adquisición de desbrozadoras, s/factura núm. 2025 A 004704 (FACe).
- HIJOS DE E. MOURE S.L. 358,41 €
Por subministro de mallazo para obras municipais, s/factura núm. 2306053.
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L 3.436,40 €
Por traballos realizados na fonte e manancial de Pedroso, s/factura núm. 2025_15 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L 3.997,84 €
Por traballos de reparación de avarías de auga no casco urbano de Rodeiro, s/factura núm. 2025_17 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L 600,28 €
Por traballos realizados no Centro de Saúde, s/factura núm. 2025_19 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L 3.509,00 €
Por traballos de pintura e acondicionamento da piscina municipal, s/factura núm. 2025_13 (FACe).

- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 2.312,31 €
Por traballos de limpeza e reparación de paredes no Centro Cultural Municipal, s/factura núm. 2025_16 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 11.060,37 €
Por traballos de acondicionamento de camiños na Penela e Lamas e reparación de bebedeiro en Fornas, s/facturas núm. 2025_14 e 2025_18 (FACe).
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 2.103,37 €
Por substitución de luminarias nas torres de alumeado do campo de fútbol, s/factura núm. 63/25.
- SANLUX BIOTECNOLOGÍA S.L. 233,53 €
Por subministro de herbicida, s/factura núm. 419/25 (FACe).
- QUIVACOLOR S.L. 575,98 €
Por subministro de produtos químicos para limpeza de beirarrúas, s/factura núm. QO/250154 (FACe).
- PABLO CARRÓN REBOREDO 117,71 €
Por subministro de roupa de traballo para a brigada municipal de obras, s/facturas núm. A/3637 e B/356.
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 216,29 €
Por traballos de baleirado de fosa séptica, s/factura núm. S-25186.
- IRMA LÓPEZ LOSADA 3,30 €
Por subministro de produtos farmacéuticos para a piscina municipal, s/factura núm. 0-0000245/1.
- IRMA LÓPEZ LOSADA 55,90 €
Por subministro de produtos farmacéuticos para o obradoiro de emprego “*Terras de Camba I*”, s/factura núm. 0-0000224/1.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)